



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Descrición Decreto: MODIFICACION ORZAMENTO LICITACIÓN E O NÚMERO DE MONITORES CONTRATO MENOR CAMPAMENTOS DE CONCILIACION XOGARZÚA 2021

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto o anuncio de licitación publicado no taboleiro da sede electrónica e na páxina web do concello o día 25/05/2021 onde se publica a licitación do contrato menor “Campamentos de conciliación” aprobada dita contratación por decreto do alcalde nº 316 de 24 de maio de 2021 no cal se inclúe a memoria e prego de cláusulas administrativas particulares.

Comunicado pola asesora xurídica do CIM que hai un aumento considerable na estimación de demanda o uso de dito servizo.

Polo presente en uso das facultades outorgadas en materia de contratación a esta Alcaldía en aplicación do disposto na Disposición adicional segunda apartado 1º da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar os pregos establecendo como orzamento máximo do contrato 15.000 euros (IVE incluído) e número máximo de monitores 5.

SEGUNDO: Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do concello, facendo constar que o prazo de presentación de documentación e proposicións será de 10 días hábiles a partir do día seguinte a publicación desta resolución.

En Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

OAlcalde - Presidente	Dou fe, a secretaria
Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ	Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁQUEZ